

## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN**

**EXPEDIENTE: SERVIZO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PEDAGOXICO "TEATRO COMUNITARIO" NOS CENTROS SOCIOCULTURALS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."*

**O Teatro**, como ferramenta pedagóxica, está presente na área de traballo arredor das artes escénicas que os centros socioculturais(en adiante CSC) contemplan no seu plan de actuación.

Dando un paso mais, logo de mais de duas decadas intervindo desde formatos diversos con persoas afeccioadas ao teatro nos entornos socioculturais, o Concello de Santiago inicia un proxecto novidoso no tratamento compactado na intervención comunitaria con persoas interesadas na aprendizaxe e vivencia grupal da experiencia teatral, a tal fin pon en marcha o proxecto de teatro comunitario/de barrio, singularizado, que permita aglutinar aos distintos grupos con obxectivos de achegamento ao teatro, desfrute da práctica escénica e en xeral a acción teatral afeccioada que se oferta desde os centros socioculturais e se dirixan nun marco común atendendo tamén a diversidade de cada grupo/idade/ comunidade/barrio.

As actividades de Teatro comunitario dos centros socioculturais do concello de Santiago de Compostela, polo seu carácter educativo no ámbito do tempo libre e de lecer, propician o intercambio, a participación, a cooperación social e a expresividade.

Como obxectivos destas actividades destacan os seguintes:

- Influir na formación e no coñecemento das técnicas de expresión e interpretación teatral
- Promover a formación integral dos asistentes e intentar,na medida do posible, a divulgación do teatro en galego así como o valor da cultura da dramaturxia.

### **DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

#### **1.UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN**

Centro xestor proponente: 26 centros socioculturais

Persoa responsable do seguimento: María del Carmen de la Cruz Pérez

## **2. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto do presente do contrato:

- o servizo de dirección do proxecto teatral,
- a impartición de actividades de achegamento á experiencia teatral nos centros socioculturais por persoal especializado e con experiencia neste ámbito
- a realización de actividades de divulgación e mostra das experiencias(VI e VII mostra de teatro dos CSC no Teatro Principal,
- e outras de natureza avaliativa(encontros de grupos con artistas, convivios, mesas de traballo),
- a elaboración de materiais de comunicación, seguemento da participación, análise e avaliación de liñas estratéxicas para a mellora da acción teatral nos entornos dos CSC,
- a dotación de materiais complementarios aos propios dos espazos escenicos socioculturais no transcurso da prestación do servizo(focos, riders, son, atrezzo, transportes de materiais..)

## **3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Aberto

## **4.- DIVISIÓN POR LOTES**

SI:

NON:  (xustificar a non procedencia da división)

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico; e a correcta execución do contrato implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

## **5.-NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR**

- Dirección da liña de intervención pedagoxica en torno ao teatro nos CSC dun modo compactado, creando unha plataforma comunitaria de grupos de persoas afeccionadas ao teatro, participantes nos grupos de interpretación e dinámicas teatrais nos distintos CSC.
- Dotar e implementar accións básicas para o coñecemento das técnicas de expresión e interpretación teatral con grupos infantiles e de adultos interseados nos CSC onde se oferte a actividade.
- Promover a formación integral dos asistentes e intentar,na medida do posible, a divulgación do teatro en galego así como o valor da cultura da dramaturxia.
- Atención e coordinación do evento artístico "mostra de teatro dos CSC no Teatro Principal nas edicións VI e VII.
- Dotación de elementos móbiles e recursos escenograficos para os eventos teatrais.
- Análise e valoración de necesidades de dotación para o teatro na rede de CSC.

**6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

Non se esixe

**7.- NOMENCLATURA (CPV)**

*A cumprimentar polo departamento de contratación*

**8. PARTIDA ORZAMENTARIA**

Nº Operación:020-33403-22699

Existencia de cofinanciación

SI:

NON:

**9.- TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

	Prezo hora	Número de horas	Prezo sen IVE	IVE	Prezo final con IVE
Outubro a decembro 2019	30 €	234	7.020 €	1.474,2 €	8.494,2 €
Xaneiro a xuño 2020	30 €	651	19.530 €	4.101,3 €	23.631,3 €

En caso de prórroga

	Prezo hora	Número de horas	Prezo sen IVE	IVE	Prezo final con IVE
Outubro a decembro 2020	30 €	234	7.020 €	1.474,2 €	8.494,2 €
Xaneiro a xuño 2021	30 €	651	19.530 €	4.101,3 €	23.631,3 €

**10.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS**

O contrato terá un prazo máximo de execución de un ano, a contar dende o día que se estipule no contrato.

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outro ano, sendo tal prórroga obrigatoria para o empresario, ao amparo do dispostos no art. 29.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

**11.-PERSOAL**

Actualmente o departamento de centros socioculturais non ten persoal coa capacitación necesaria para realizar este servizo.


*Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019*

Técnica da concellería de centros  
socioculturais



María del Carmen de la Cruz Pérez

Concelleiro delegado de centros  
socioculturais



J. Javier Fernández Martínez